



**Ilmo/a. Sr/a. Director/a:**

Coa finalidade de que o proceso das Probas de Acceso á Universidade teña o menor número posible de incidencias, esta Comisión Interuniversitaria de Galicia (CiUG) prégalles a maior difusión posible das seguintes recomendacións e instrucións entre o alumnado de 2º de Bacharelato e/ou alumnado de F.P. que no presente curso se presente as ABAU:

#### PRESENTACIÓN DOS ALUMNOS/AS AOS EXAMES

**Todos os alumnos/as deberán acudir á presentación o primeiro día ás 9.00 h. da mañá e logo presentarse á realización dos exercicios á hora convocada para o comezo de cada un deles.** Para a realización dos exames, o alumnado deberá concorrer **provisto do DNI ou pasaporte**, pluma ou bolígrafo de tinta azul ou negra, e de material axeitado para realizar as probas correspondentes á materia de Debuxo Técnico e ás específicas da modalidade de Artes do Bacharelato, así como dicionarios de Latín e Grego.

#### ERROS NA MATRÍCULA DA ABAU OU CAMBIOS NA MATRÍCULA

Aquel alumno ou alumna que detecte **algún erro na súa matrícula** da ABAU, deberá comunicarllelo á Presidencia da correspondente Comisión Delegada na hora establecida para a presentación, mediante solicitude no formulario oficial que estará a disposición do alumnado na sede da Comisión Delegada.

Unha vez finalizada a hora de presentación do primeiro día das Probas de Acceso á Universidade, **non se permitirá ningún cambio** A aquel alumno/a que se examine dunha opción distinta á que figure na súa matrícula e/ou na solicitude de cambio de matrícula que entregase ao Presidente da Comisión Delegada, **anularáselle o exame da materia ou materias que non figuren na súa matrícula e/ou na solicitude de cambio de matrícula.**

#### INSTRUCCIÓNS PARA A REALIZACIÓN DOS EXAMES


- Aos lugares de realización dos exames da ABAU **non está permitida a asistencia con teléfonos móbiles nin outros dispositivos electrónicos**, agás calculadoras non programables. **O incumprimento desta norma poderá ser motivo de medida disciplinaria.**
- No momento da presentación, o tribunal asignaralle un posto de exame a cada alumno/a, que deberá ocupar en todas as probas.
- Ao empezar as probas, o alumnado recibirá un xogo de adhesivos de código de barras que os identifica. Estes adhesivos non deben dobrarse nin modificarse de ningún xeito. Recoméndaselle tamén que non deixen os adhesivos nas aulas nin ao alcance de persoas estrañas.

- Os exames son anónimos e non poden asinarse nin deberán presentar marcas de ningún tipo que poidan permitir unha eventual identificación persoal.
- Se a un alumno/a se lle sorprende **copiando** e/ou **utilizando medios telemáticos** ou dispositivos electrónicos nalgún dos exames, se lle sancionará coa **expulsión do mesmo e coa súa anulación**.
- Ao empezar cada unha das probas se entrega a cada estudante un **caderno de exame** formado por dúas follas A-3 (8 páxinas de tamaño A-4) e unha cabeceira adhesiva. O alumnado pode utilizar para redactar as respostas todas as páxinas agás a primeira. **Non se poderán arrincar nin engadir follas**.
- O acceso a aula de exame implica sempre a **entrega obrigatoria do caderno de exame** debidamente etiquetado, aínda que se deixase en branco.
- Os exames deberán entregárselle a un membro do **Tribunal**, esperando a que este comprobe que se lle entrega no número e condicións debidas. En ningún caso se deixarán os exames enriba das mesas.

Agradecéndolle de antemán a súa colaboración, reciba un cordial saúdo.

Santiago de Compostela, 7 de abril de 2017.

O PRESIDENTE DA CIUG



**CiUG**  
COMISIÓN INTERUNIVERSITARIA  
DISTRITO UNIVERSITARIO ÚNICO  
GALICIA

PEDRO ARMAS DIÉGUEZ

SRES/AS. DIRECTORES/AS DOS CENTROS DE BACHARELATO E DE F.P. DE GALICIA